



### Artigos de interese especial

- Efemérides
- Novidades
- Topónimos

### Destacable

- Cómo facer as  
consultas na Web
- Suxerencias

Curso 2006/7  
número 1

# Boletín de biblioteca do IES Fernando Esquíu

## Benvidos

### Editorial

Dende a biblioteca do noso centro queremos achegarnos a tódala comunidade educativa para lembraros que estamos aquí, agardando as vosas consultas, mercando os materiais que máis vos interesan ou simplemente para despertalo voso interese por todo o que teña que ver coa ciencia, a literatura, a historia, os deportes, ...en xeral a cultura.

Queremos informaros da actualidade do mundo dos libros, tanto na nosa comarca como no noso país, dos concursos, os

premios, efemérides...

Necesitaremos a vosa participación para encher a biblioteca de vida e que non sexa só un armario de libros.

Segundo dí un proverbio hindú

“ Un libro aberto é un cerebro que fala,  
pechado un amigo que espera;  
destruído, un corazón que chora”.

Así que ánimo, non nos deixes esperando, fainos falar.

## Os nomes tamén son importantes...

¿**SABÍAS** quen era a personaxe o que lle debemolo nome do noso instituto?

**Fernando Esquíu** ou Hernán d'Esquíu, foi un trobeiro medieval nado en Neda entre os séculos XIII e XIV, se queres podes visitar os restos familiares e ver o escudo de armas da familia na Igrexa de San Nicolás, e na biblioteca seguro que atopas máis información. Escribiu oito ou dez cantigas entre elas :

Amor, a ti me venh'ora queixar  
de mha señor, que te faz enviar  
cada hu dormho sempre m'espertar  
poy m'ela non quer verr nen falar,  
que me queres, Amor?

Este queysume te venh'or dizer:  
que me non queiras meu sono  
tolher

pola fremosa do bom parecer  
que de matar home semp' á sabor.  
Poy m'ela nçH? ben quiso facer,  
que me queres , Amor?...





---

## Ano Internacional dos Desertos e a Desertificación

## Efemérides

**2006** Este ano que remata foi declarado como **Ano Internacional dos Desertos e a Desertificación**, porque o burato de ozono, o cambio climático, a desertización, a extinción das especies..., os problemas ambientais están cada vez máis presentes na actualidade.

Así todos nos preguntamos ¿somos os seres humanos responsables destes cambios? ¿estamos a tempo de evitalos?

Si te interesa o futuro do noso

planeta, disfrutarás coa conversa entre un escritor, Miguel Delibes, preocupado por estes temas pero profano na materia, e o seu fillo biólogo, Miguel Delibes de Castro, dedicado durante moitos anos ó seu estudio. Anímate a ler o seu libro, de feito ten un título moi suxerente:

**La Tierra Herida**

## Enigmas

Falando de bibliotecas, demostra que es tan bó como Indiana Jones descifrando enigmas e atopa o nome da **cidade onde estivo a biblioteca máis importante da Antigüidade...**

**Coloca cada unha das preguntas có seu número da C.D.U, une as segundas letras de cada pregunta e TERÁS A SOLUCIÓN E UN PREMIO!**

*Hai auga na lúa? / Cal foi a batalla que aparece no escudo de Neda? / El foi quen dixo "Só sei que non sei nada" / Exquisiteces para comer no Antroido son.../ A auga do Miño pasa por Ourense? / "Crónica de una muerte anunciada" / Pedro foi apóstolo ou profeta? / Adianta a todos co seu Renault / Un ordenador pode conectarse a Internet sen módem? / Liderou Rosalía o Rexurdimento con*

0.  
1(0).  
22.  
39.  
52.  
62.  
79.  
82E.  
82G.  
94G

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

---

**"¿Sabes onde está A Picota, e qué significado ten?"**

## Topónimos

Seguro que coñeces a túa comarca, pero ...sóache o lugar de **A Picota** ?

¿Que podes dicir do seu significado? Escribeo na tarxeta da última páxina e terás un premio.

IES Fernando Esquío

Empedrón 16

TELÉFONO:

981391080

FAX:

981391280

E-MAIL

fesquío\_biblio@hotmail.com


Visítanos na páxina:

[www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)




## Premios e premiados

### Premio Príncipe de Asturias das Letras 2006



**Paul Auster** (New Jersey, USA 1947) Novelista, poeta e guionista moi prolífico, as súas obras están traducidas a trinta e cinco idiomas. Entre as que destacan: *Brooklyn Follies*, *La noche del Oráculo*, *Trilogía de Nueva York*... Con *Tombuctú* obtivo o Premio Literario Arzobispo Juan de San Clemente de Santiago de Compostela (2000).

### Premio Nobel de Literatura 2006



**Ferit Orham Pamuk** (Estambul, Turquía 1952) Novelista turco moi coñecido no seu país polos seus comentarios sociais, foi o primeiro musulmán en condenar a "fatwa" contra outro escritor famoso, Salman Rushdie. Entre as súas obras destacan: *La casa del silencio*, *El astrólogo y el sultán*, *El libro negro*, *Me llamo Rojo*, *Estambul: Memorias y la ciudad*...

## ¿Cómo hacer consultas?

Agora xa podes entrar na biblioteca dende a túa casa, só có click do teu rato.

Entra na dirección da páxina web que aparece á marxe, logo selecciona nos desplegabeis: provincia "A Coruña", comarca "Ferrol",

Concello "Neda" e biblioteca "Centros Ensino".

Podes coñecer as novidades, se unha obra está ou non dispoñible para o préstamo, facer reservas do que queiras, e participar nos Foros

sobre as obras. Sempre empregando o teu nº de carnet de biblioteca.... ata podes consultar os noticiosos da Comunidade.

E se queres facer algunha suxerencia podes cubrir o seguinte recadro e deixalo

-----cortar pola liña-----

Nome e grupo:		
Suxerencias		
Autor	Título	Formato

## Novidades para este trimestre



O Capitán Trueno fai 50 anos e facemos repaso á súa historia porque... sempre está cando o mundo vai ó revés.



Inés Suárez, unha muller extremeña, viaxa ó Nuvo mundo no século XVI en busca do seu esposo do Dourado. Cando recibe a noticia de que o seu esposo morreu unese ó grupo de conquistadores que pretenden chegar a Chile. A súa forza ayúdalle a superar calquera dificultade...



A profesora de matemáticas, apodada a Hipotenusa, desaparece misteriosamente deixando manchas de sange. No colexio, o inspector Arveja comenza un longo interrogatorio ós sospeitosos do crimen: algúns dos seus peores alumnos, ós que ía a suspender..



No século XII, os Templarios educan ó rei Xaime I. O troveiros teñen moito que ver no desenrolo da vida dun rei tan novo...



Cen singularidades, autoorgullos, descubrimentos, feitos históricos sobranceiros, monumentos naturais nos que destaca o noso país, algunhas veces xa dende o tempo anterior aos romanos: a maior concentración de petroglifos de Europa, a aldea prerromana mellor conservada do continente, a única muralla completa do imperio romano....



Nano, encamado no cuarto dun hospital, acompaña durante dous días a un vello terminal, un home sen nome, un enigma invadido polas lembranzas, entre o delirio e o soño provocados pola medicación, enunciará o monólogo da súa arrepiante biografía centenaria. Unha vida desacougante, condicionada pola perda prematura da nai, a presenza da sombra do seu irmán xemeigo...

## Outras adquisicións e suscripcións

- A Cantatas de Bach Colección de Música clásica. La Voz de Galicia
- Animais do Mundo

### SOLUCIÓNS

**Enigma:** O nome da biblioteca é .....

**Topónimo:** A Picota .....